



centro dramático galego

T E M P O R A D A 2 0 0 7 _ 0 8

A temporada da cidadanía

Programación do Salón Teatro:
xaneiro - xuño de 2008

Programación Salón Teatro

Xaneiro - xuño de 2008

Danza

Larandland

ÀNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES
(Cataluña)

Sábado 12 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 13 ás 18.00 horas

Teatro

El agresor

FACTORÍA ESCÉNICA INTERNACIONAL (FEI)
(Cataluña)

Sábado 19 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 20 ás 18.00 horas

Danza

Negro

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO EN COPRODUCCIÓN COA CÍA. DANIEL ABREU
(Galiza)

Sábado 26 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 27 ás 18.00 horas

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road / Igloo
(EUA / Galiza)

Xoves 31 de xaneiro ás 22.00 horas

Performance - Residencia técnica

Cascuda

CDG EN COPRODUCCIÓN CON DIEGO ANIDO
(Galiza)

Do 3 ao 10 de febreiro

Venres 8 e sábado 9: ensaios abertos

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Michael Gira / (r)
(EUA / Italia)

Sábado 23 de febreiro ás 22.00 horas

Teatro-Estrea

PeriFeria

VOADORA
(Galiza-Portugal)

Sábado 1 de marzo ás 20.30 horas e domingo 2 ás 18.00 horas

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Baby Dee / O Fillo Pausado

(EUA / Galiza)

Sábado 8 de marzo ás 22.00 horas

Teatro

Espectáculo aínda por determinar

Sábado 15 de marzo ás 20.30 horas e domingo 16 ás 18.00 horas

Teatro de monicreques xuvenil

Valdemuller

CDG

(Galiza)

Do 26 de marzo ao 20 de abril. Mércores, xoves e venres ás 11.00 horas; sábados ás 20:30 horas e domingos ás 18.00 horas

Teatro

DramA3

CDG (proxecto de dramaturxia residente)

(Galiza)

Do 2 ao 25 de maio. Mércores e xoves ás 11.00 horas; venres e sábados ás 20:30 horas e domingos ás 18.00 horas

Teatro

Festival Teatro Universitario

USC

(Galiza)

Do 26 ao 31 de maio

Accións

AccionST

Do 4 ao 7 de xuño

Larandland

ÀNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES (Cataluña)

Sábado 12 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 13 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Coreografía e dirección: Àngels Margarit

Creación e interpretación: Eneko Alcaraz, Vera Bilbija, Emili Gutiérrez, Gustavo Lesgart, Isabel López, Miryam Mariblanca, Joan Palau e Dori Sánchez

Composición musical: Oriol Rossell

Vídeo: Núria Font

Iluminación: María Domènec

Vestuario: Ariadna Papió

Entrenamiento: Cía. Àngels Margarit,

Gustavo Lesgart, Joan Palau, Jeremy Nelson e Kirstie Simson

Sinopse:

O último espectáculo de Àngels Margarit toma a cidade como motivo e paisaxe, onde o movemento dos bailaríns permite aproximarse ao espectador. **Larandland** é un traballo estético e abstracto que nos fala de situacóns concretas que se viven na cidade inabarcable, como un organismo vivo, un gran corpo onde células e sistemas interconectados inventan a súa propia morfoloxía. Dinámicas, ritmos, texturas, circuítos, o movemento feito paisaxe. A peza divídese en tres partes. A primeira, "Palimpsesto", é un traballo de composición que se transforma continuamente; sete bailaríns son o espazo e a paisaxe. A segunda, "Siameses", é un fragmento máis intimista onde suceden diferentes duetos; aquí o espazo da danza é o corpo do outro. E a terceira parte, "Track", que parte da velocidade, o risco e o trazo, é a peza máis enérxica.

A compañía:

Àngels Margarit pertence á primeira xeración de bailaríns contemporáneos xurdida a finais dos 70 do Institut del Teatre de Barcelona. Despois continuou os seus estudos en diferentes lugares de Europa e Nova York. Desde fai 28 anos dedícase á danza nas súas diferentes vertentes: bailarina, coreógrafa e pedagoga.

Desde 1979 até 1984 pertenceu ao colectivo Heura, un dos grupos pioneiros e referente ineludible da danza do noso país, que se proxectou máis alá das nosas fronteiras gañando prestixiosos premios internacionais. No seo de Heura iniciouse como coreógrafa. Seu é **Temps al Biaix** (1981), primeiro espectáculo de danza do país concibido como unha soa peza. Despois de cinco anos con este colectivo, decide comezar un traballo propio e crea **Mudances** (1985), unha peza para cinco bailarinas que dará nome á compañía. Paralelamente, asóciase con outros coreógrafos para abrir Bugé (1984), un centro de actividades de danza, onde continúa ensaiando a compañía, e espazo de formación para moitos profesionais actuais.

Cos primeiros espectáculos, **Mudances** (1985) e **Kolbebasar** (1988), entra na escena internacional onde presentará con regularidade a súa obra: A serie **Solo per a habitació d'hotel** (1989-2004), **Atzavara** (1991), **Corol·la** (1992), Grevenhofkai (1992), **Suite d'estiu** (1993), **Sao** (1995) en colaboración con María Muñoz-, **Arbre de te** (1996), **Tèrbola** (1998), **L'edat de la paciència** (1999), **L'edat de la paciència /00** (2000), **Peces mentideres** (2001), **El somriure** (2001), **Origami**

(2002), **Estances** (2003) videoinstalación con performance-, **Urbs** (2004) proxecto aberto sobre o espazo urbano-, **Souvenir** (2004) acción coreográfica para espazos abertos-, **Solo por placer** (2005), **Larandland** (2006) e o laboratorio **Arbraçada#1** (2007).

Dentro do campo da improvisación, colabora con Andrés Corchero, María Muñoz, Rosa Muñoz, Alexis Eupierre, Constanza Brncic, Mónica Valenciano e os músicos Joan Saura e Trio Local, Steve Noble, Agustí Fernández, entre outros.

Ao longo da súa traxectoria, recibiu numerosos premios como o Premi Nacional de Dansa de Catalunya en 1986 (por **Mudances**), 1991 (por **Atzavara**) y 1999 (por **Tèrbola**), el Premi Ciutat de Barcelona d'Arts Escèniques en 1993 (por **Corol·la**) o el Grand Prix du Concours Chorégraphique de Bagnolet en 1988 (por **Kolbebasar**), por citar algúns.

Invitada polo Concello de Terrassa, desde 2003 conceptualiza e é directora artística de Tensdansa, festival internacional de danza de Terrassa, a súa cidade natal .

El agresor

FACTORÍA ESCÉNICA INTERNACIONAL (FEI) (Cataluña)

Sábado 19 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 20 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Autoría: Thomas Jonigk

Dirección e adaptación: Carme Portaceli

Elenco: Eva Cartañà, Queralt Casasayas, Gabriela Flores, Llorenç González e Albert Pérez

Músicos saxofonistas: Dani Nel·lo e Jordi Prats

Preparación física: Gema Díaz

Vestuario: Mariel Soria

Espazo escénico e iluminación: Paco Azorín

Dirección musical: Dani Nel·lo

Movemento: Marta Carrasco

Sinopse:

Con este espectáculo de teatro comprometido, a Factoría Escénica Internacional convida a reflexionar sobre un problema que afecta actualmente a nosa sociedade: os abusos sexuais a menores.

A montaxe presenta dous menores, Petra e Paul, que sufren abusos sexuais por parte dos seus pais e mostra a natureza inconfesable deste delito e a horrorosa naturalidade e indiferencia con que a viven os agresores. O destino que comparten os protagonistas levaos a encontrarse e xuntos tentan frear os malos tratos que sufren. Os dous menores serán capaces, a partir do mero feito de nomear as atrocidades, de romper o tabú que os afogou durante toda a infancia.

Carme Portaceli, directora do espectáculo, encargouse da adaptación do texto do autor alemán Thomas Jonigk e Marta Carrasco colaborou como directora de movemento.

A compañía:

A FEI é unha plataforma orientada á creación, producción e difusión das artes escénicas contemporáneas. Liderada pola directora teatral Carme Portaceli, está impulsada e xestionada por un colectivo de profesionais procedentes de todas as disciplinas deste sector, entre os que se atopan, Marta Carrasco, Dani Nel·lo, Lurdes Barba, Pepa López, Paco Azorín o Lluïsa Castell.

A partir dun pequeno núcleo de xestión e dos recursos que lle proporciona a Nau Ivanow de Barcelona- un centro cultural multidisciplinario-, a FEI ofrece aos seus colaboradores e participantes unha xestión profesional para os seus proxectos coa finalidade de garantir a continuidade e a estabilidade das propostas entre un público amplio e variado.

A FEI é tamén un espazo de investigación e desenvolvemento para a creación de espectáculos e de actividades paralelas que axuden a contextualizar e situar ao espectador nunha actitude adecuada.

Negro

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO EN COPRODUCCIÓN COA
CÍA. DANIEL ABREU (Galiza)

Sábado 26 de xaneiro ás 20.30 horas e domingo 27 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Coreografía e dirección: Daniel Abreu

Intérpretes: Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso e Daniel Abreu

Asistente de dirección: Igor Calonge

Música orixinal: Miguel Gil, Haru Mori e Masahiro Hiramoto

Iluminación: Compañía Daniel Abreu

Vestuario: TRASTornados

Sinopse:

Negro é un traballo coreográfico para catro bailaríns que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. A coreografía son escenas creadas desde a reflexión da acción cotiá e/ou a partir da improvisación. Este traballo non fala do envoltorio da pel, nin do que oculta, senón do que esa pel ve, o que lle gusta e a transforma, o que a esperta e o que a dorme. Falar de danza supón falar do corpo vivo, exposto e sensible. Pártese da idea de que expoñer un proxecto require un control extenso dos pensamentos e do que un vive. Nos procesos de creación ábrese a porta e déjase fluír o vaivén de ideas arredor dunha vivencia común, a dirección, a partir do que se quere contar.

Negro fala da pel durmida, do descanso, dunha paisaxe natural, de sermos honestos/as...

A compañía:

Natural de Tenerife pero afincado en Madrid, Daniel Abreu traballou para diferentes compañías como Provisional Danza, Matarile Teatro (con quen realizou unha coproducción para o CDG), Lanómina Imperial, Larumbe Danza, Gloria García y Cía. ou Cía. de Danza Berthelius, entre outros.

Como creador realizou case unha vintena de coreografías, presentadas en Alemaña, Portugal, en importantes festivais nacionais, así como na programación de distintos teatros e auditórios. Tamén realizou a asistencia de dirección para Ana Vallés e Carmen Werner en **Pie izquierdo** e a asistencia de coreografía da ópera **Macbeth**, no Teatro Real. Entre as súas últimas creacións destacan: **Perro**, **En la espalda**, **Bajo cero**, **Por el camino verde** e **Ojos de pez**, seleccionada no Circuíto da Rede de Centros Alternativos 2007.

Entre os premios que recibiu cómpre nomear o outorgado á coreografía **Y eso que no me dejaban ver Dallas**, premio do Xurado do XVIII Certame Coreográfico de Madrid xunto a Mónica García, cunha Residencia de Creación para Montemor-o-Novo (Portugal). Tamén foi galardoado co premio a un bailarín sobresaínte no mesmo certame cunha bolsa para asistir ao American Dance Festival, e Premio ao Bailarín máis destacado do IV Certame Coreográfico de Maspalomas.

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road / Igloo (EUA / Galiza)

Xoves 31 de xaneiro ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



Todo no mundo de Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road vive á marxe da realidade. Desde mediados da década pasada Matt Valentine foi alimentando unha carreira enfocada a dar saída aos sons tradicionais do pasado (folk, blues rural, psicodelia...) a través dun prisma persoal ata o punto de crear o son “spectrasound” para resaltar a profundidade, localización e resonancia da súa particular forma de entender a música.

A través de selos habitantes no ostracismo e colaboracións con xente como a propia Erika Elder, Loren Mazzacane Connors, P.G. Six, Tim Barnes, Chris Corsano, Samara Lubelski, Joshua Burkett ou

Dean Roberts etc., sempre fóra do circuíto de selos discográficos e redes de comercialización masivas, permitiron exteriorizar o seu traballo cun modus operandi que recorda as “race recordings” (primeiras gravacións de blues rural e música de cabaret cuxo destino principal eran os guetos negros dos Estados Unidos) e o desenvolvemento dos “private pressing”, forma baixo a cal se distribuía a música experimental nos anos 60. Matt Valentine é grande, un dos novos músicos más brillantes da escena internacional.



Lonxe de artifícios e concesións Igloo respira, co seu disco debut homónimo, a esencia do pop máis contemporáneo convxugando agresivas guitarras e matices electrónicos. Unha proposta que pasa dos intensos momentos de lirismo melódico, quitados de calquera resto de sentimentalismo, á furia dunha distorsión que constrúe densos bloques sonoros.

Se Diego Castro (baixo) e Juan Gil López (síntese e programacións) puxeron a primeira pedra, Igloo se configura finalmente nas mans de Beni (overlook) (voz e guitarra), David (batería) e Selín (guitarra).

Os temas do grupo compostelán caracterízanse polo seu ton preciso e pechan retalllos do son de New Order, My Bloody Valentine, Death in Vegas ou Spiritualized, entre outros. Un repertorio que parte das tramas electrónicas “retro” de Silvia Saint e que conclúe coas envolventes estanzas nórdicas de Nanook pasando pola exhuberancia orquestral, as hibridacións rítmicas e a contundencia expresiva que se apoia nas arquitecturas vocais e as suxerintes letras.

Michael Gira / (r)

(EUA / Italia)

Sábado 23 de febreiro ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



ambiente coa súa voz e teclados. Ao disolver os Swans en 1997, Gira editou un álbum en solitario e comezou a aventura de The Angels of Light, máis calmados e acústicos que o seu grupo anterior. Pero a pesar de todo, a intensidade é o sinal de identidade de Michael Gira.



Michael Gira é un artista de múltiples facetas, pero sobre todo é un músico sedento de novos sons. A súa infancia transcorreu nun suburbio dos Anxos ata que os seus pais se divorciaron. Pasou unha mocidade movida, con busca por parte da Interpol incluída. En 1979 mudase a Nova York e decide fundar un grupo influenciado pola "no wave" e artistas como Suicide ou Glenn Branca.

É cando funda os míticos Swans, mestres en ritmos rudos e texturas abrasivas, puro poder visceral, experimental e post-industrial. Esta formación cálmase ao aparecer en escena Jarboe, parella durante longo tempo do artista, que adozou algo o

Tras o nome (r) escón dese Fabrizio Modonese Palumbo, membro de Larsen, XXL e Blind Cave Salamander.

Tres son os álbunes editados até a data como (r): "Under The Cables", "Into The Wind" e "In Pink", nos que vai cambiando de ritmos relaxados e pausados a outros extremos e introspectivos, sempre no delgado fío entre o goce e o medo, para terminar explotando nunha inusitada enerxía optimista.

A música de (r) é máis un diario que un exorcismo, repleto de cancións sobre morte e transfiguracións, texturas ambientais relaxadas, unha suave voz e unha guitarra sobre a que pouco a pouco, con mestría, vai construíndo un todo.

Baby Dee / O Fillo Pausado

(EUA / Galiza)

Sábado 8 de marzo ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



Baby Dee é unha cantante inetiquetable, unha curiosidade no panorama musical actual; andróxina artista circense, cunha das voces más fascinantes. Pero non é só a súa voz o que fai que Dee sexa tan peculiar. Ela ten un algo que logra que os corazóns ardan ao escoitar a súa voz, pero, á vez, é puro circo e diversión. Acompañada dun arpa, un acordeón ou un piano, a ex membro dos primeiros Antony & The Johnsons, simplemente crea música para sobrevivir, sinceira e delicada.

Nacida en Cleveland, Ohio, en 1953, comezou tocando o piano. Directora musical e organista nunha igrexa católica do Bronx, liberábase tocando a arpa

en Central Park. Nos anos 90 triunfou cun papel no Coney Island Sideshow, imitando á súa adorada Shirley Temple e, sobre todo, subida nun curiosísimo triciclo con arpa integrada creado especialmente para ela polo artista George Bliss. Con este extravagante triciclo Baby Dee percorreu durante anos o baixo Manhattan, converténdose na raíña das súas rúas.



O Fillo Pausado é a arriscada e innovadora proposta do vigués Magú Castromil quen a finais dos anos 90 edita "Ele", un vinilo cheo de emocións, de letras abertas ás ideas do escoitador, abertas ás circunstancias do suxeito oínte. Nick Drake, LLuis Llach, Nick Cave, Pink Floyd... asómanse a este traballo que edita a través do selo independente vigués Man Records. Desde aquela, a edición dos seus discos está en mans de Javier Abreu a través de Ediciones Antropomórficas. "Unidades", o seu último traballo no mercado, incorpora tamén a unha violinista: Eva.

Teatro - Estrea

CDG_07-08

PeriFeria

VOADORA (Galiza-Portugal)

Sábado 1 de marzo ás 20.30 horas e domingo 2 ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Autoría: Jacinto Lucas Pires, Marta Freitas, Carlos Santiago, Manuel Cortés e Voadora

Dirección: Montserrat Triola

Elenco: Marta Pazos, Hugo Torres, José Díaz e Afonso Castro

Espazo escénico: Marta Pazos

Iluminación: Afonso Castro

Música orixinal: Hugo Torres e Jose Díaz

Sinopse:

PeriFeria é a primeira entrega da trilogía "Poética de Lugares Comúns" -Fracaso, Olvido e Paraíso- é tamén o despegue de Voadora como compañía. As tres entregas comparten un mesmo proceso de creación colectiva, baseado no diálogo intercultural entre un grupo de autores (neste caso, Jacinto Lucas Pires, Marta Freitas, Carlos Santiago e Manuel Cortés) e un equipo artístico, cunha mesma líña conceptual e estética.

A montaxe propón unha reflexión sobre o fracaso utilizando como pretexto dramático a festa. Unha festa coas súas dúas caras, que se ocultan e superpoñen continuamente nun xogo divertido para uns, e perverso para outros. Non hai alegría sen perigo de dor e na mesma festa onde uns se atopan e se aman, outros se separan e sofrerán.

O Fracaso festexado en PeriFeria fai que os personaxes se comparen cos grandes fracasados da historia, se rían dos mitos, se laien de non conseguir ser o que un día desexaron e crean nos soños, que magníficos en abstracto, fracasan cando se materializan.

Sobre o escenario os actores, o produtor e o técnico da compañía presentan o artificio teatral. Un espazo onde as leis mudan, onde os triunfadores e os fracasados poden beber, todos, en vasos de plástico.

A compañía:

Voadora é unha compañía luso-galaica que xorde no verán de 2007 da necesidade dun espazo de búsquedas de novos sentidos e linguaxes para a escena e da vontade de potenciar a creación e o intercambio cultural entre artistas da área lusófona. Entre os seus principais obxectivos figuran os de plantear o proceso creativo como eixo xerador de novas dramaturxias; profundar no feito performativo en si, o teatro como espazo contaminado no que se confunden realidade e ficción, intérpretes e persoas; provocar o entusiasmo a través do humor, a música en directo e as accións; destacar a importancia do casual, do natural, do momento íntimo, do espontáneo, do insignificante, do desapercibido; plantear a comunicación co espectador dunha maneira directa facéndoo partícipe total do evento.

Voadora pretende crear en cada proxecto un espazo activo de traballo, onde os artistas poidan crear, investigar, reflexionar, debatir e cuestionar sobre temas de carácter universal buscando nexos comúns xeneracionais, estéticos, emocionais e artísticos, avogando por un achegamento "so far so close" entre Galiza e Portugal.

Cascuda

COPRODUCCIÓN DO CDG CON DIEGO ANIDO (Galiza)

Do 3 ao 10 de febreiro

Venres 8 e sábado 9: ensaios abertos da montaxe que se estreará no mes de maio na Sala Nasa

Sinopse:

Os insectos foron empregrados ao longo da historia da literatura como referentes á hora de simbolizar todo tipo de condutas humanas. Os insectos preeiros, como por exemplo a mosca, relaciónnanse coa putrefacción, o insistente retorno do vicio que o acosa a un, a perversión, a morte...

As cascudas chamaron a atención do noso creador por seren un dos animais más despreciables de todos os que conviven nunha cidade ou espazo urbá. Pero elas teñen unhas características de tamaño, resistencia e axilidade que lles permiten descubrir lugares, así como instalarse e observar a vida humana desde os lugares más segredos e subterráneos dun mundo ao que nunca poderemos acceder. Ademais, cómpre anotar o coñecido dato de que serían as únicas poboadoras do planeta, xunto coas ratas, no caso de producirse unha catástrofe nuclear.

Diego Anido:

Diego Anido é un dos creadores galegos más relevantes dos últimos anos; o seu discurso artístico rompe coas fronteiras das disciplinas escénicas convencionais para elaborar propostas escénicas nas que a danza, o teatro, a performance e a música van da man para consolidar espectáculos totais e de alto nivel.

O seu primeiro contacto coa escena no teatro universitario e na compañía Nut Teatro. Formouse na escola Espacio Aberto de Santiago, combinando os seus estudos con cursos de clown, performance, mimo, bufón e danza contemporánea. Traballou como modelo publicitario e performer para outros artistas actuando en diversos espazos e desenvolvendo a súa faceta musical na desaparecida Taxi Driver, ao tempo que mantivo as súas colaboracións coas Ultranoites da sala Nasa e na Festa do Circo. Reeducouse en anti-ximnasia e entrou en contacto con outras técnicas corporais actuais.

No ano 2004 estrea en Galiza o seu primeiro espectáculo en solitario, **Paperboy**. Ese mesmo ano traslázase a Barcelona, desenvolvendo o seu traballo teatral hacia o movemento, o teatro-danza e o Butoh (unha técnica teatral de danza xaponesa). Entra a formar parte como residente da Plataforma Artísitca Areatangent, onde desenvolve varios proxectos, entre eles, a súa segunda peza en solitario, **O Alemán** (2006) e a trilogía **Autopsia** (Cía. Sr. Serrano).

Na actualidade traballa nos proxectos **San Vito** (Cía. Rara Avis) e **Europe is living a celebration** (Cía. Sr. Serrano).

Teatro de monicreques xuvenil


CDG_07-08

Valdemuller

CDG (Galiza)

Do 26 de marzo ao 20 de abril. Mércores, xoves, venres ás 11.00 horas; sábados ás 20.30 horas e domingos ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Autoría: X. Neira Cruz

Dirección: Pablo Vergne

Elenco: Alba Grande Vázquez, Montse Piñón López, Raquel Queizás e Manuela Varela Quintas

Sinopse:

A protagonista da historia, Minia, cumple quince anos e está a preparar a celebración habitual coa súa familia, aínda que non de moi bo gusto. A sorte fai que algúns dos tópicos da festa sufran certos cambios involuntarios como o acontecido co elegante traxe que lle tiñan preparado. Un agasallo misterioso é o desencadeante dunha investigación. Minia recibe un colgante en forma de estrela ante o cal toda a súa familia experimenta un certo nerviosismo. A rapaza, pouco e pouco e coa axuda da súa tía Olga, vai descubrindo os segredos que agocha o galano e as historias que oculta a súa familia. Emprende unha viaxe cara a Valdemuller, o lugar en que reside a súa tía-avoa Estrela e, á vez que descobre o que significa ser unha "filla da lúa", experimenta un proceso de autocoñecemento e maduración que a axudarán a continuar a súa vida desde outra perspectiva.

No panorama das artes escénicas actuais hai marxes en que as producións, tanto públicas coma privadas, non afondan. Os espectáculos de monicreques son un produto que segue a ser residual nas programacións e sempre asociados a espazos exteriores ou a programacións menores. Por outra banda, pola suposta dificultade de entendemento co público, tamén están noutra marxe as producións dirixidas a un público adolescente.

Mesturar estes dous criterios como punto de partida adolescencia e monicreques para unilos nun espectáculo é unha tarefa ousada que o CDG emprende coa seguridade de que é un teatro público quen debe impulsar este tipo de discursos arriscados para impulsar a actividade escénica nestas marxes.

A tradición de monicreques galega unida á experiencia e ao discurso estético de Pablo Vergne, un auténtico mestre das montaxes de monicreques, aseguran un traballo orixinal, necesario e de moi boa factura.

Pablo Vergne:

Director e manipulador de monicreques, os espectáculos de Pablo Vergne teñen unha presenza cada vez maior no panorama do teatro infantil tanto de España coma do estranxeiro, sendo representados en prestixiosas programacións de Europa, Asia e América.

Os seus traballos caracterízanse por un estilo singular que combina tradición e innovación, economía de medios e máxima expresividade, exploración de materiais e reciclaxe de obxectos, procura de novas linguaxes escénicas e complicitade co público no feito teatral.

As montaxes **El Gato Manchado y la Golondrina Sinhá e Animales** recibiron, xunto coa súa compañía El Retablo, numerosos premios internacionais. Con estes dous espectáculos realizou xiras polos Estados Unidos, Francia, Italia, Portugal, Corea do Sur, China, Israel, Brasil, Arxentina, Croacia, Bélgica, Holanda, Suíza, India e Hong Kong.


El Gato Manchado y la Golondrina Sinhá participou na programación infantil do Piccolo Teatro de Milán.

DramA3

CDG (proxecto de dramaturxia residente) (Galiza)

Do 2 ao 25 de abril. Mércores, xoves ás 11.00 horas; venres e sábados ás 20:30 horas e domingos ás 18.00 horas

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Autoría: Rubén Ruibal, Vanesa Sotelo e Jacobo Paz (autores residentes do CDG nesta temporada 2007-2008)

Coordinación do proxecto e dirección: Dani Salgado

Espazo escénico e vestiario: Joan Galí

Iluminación: Baltasar Patiño

Realización (audiovisual): Alex Rademakers

Postproducción (audiovisual): Francesc Sitges

Movemento e axudantía de dirección:
Andreu Raic

Sinopse:

Nunha illa case deserta tras a erupción dun volcán, unha recién chegada investiga unha masacre, dous irmáns afrontan o destino que levan marcado na pel, unhas voces do pasado interfieren no presente dunha parella e, baixo a sombra dunha figueira, aparece un descoñecido. Morte, terra e memoria son os elementos que guían esta peza chea de suspense.

A renovación ética e estética de calquera sistema literario ou teatral pasa por que aqueles que veñen por detrás rachen co establecido, por que o novo supere o vello. Na sociedade actual, dada a velocidade con que se move a información e a necesidade capitalista de crear novos produtos para vender, estes procesos son constantes e están apoiados polas propias institucións. Calquera cultura punteira no contexto europeo autocuestiónase de xeito permanente. DramA3 é iso, é o cuestionamento do establecido; é o ascenso ao poder das xeracións más novas; é a busca da purga intelectual. Guiados e dirixidos por Dani Salgado, Rubén Ruibal (actual premio nacional de literatura dramática), Vanesa Sotelo e Jacobo Paz como representantes da xeración de dramaturgos do porvir, están a crear unha unidade de traballo para confeccionar un espectáculo que servirá para reivindicar o novo teatro galego.

Dani Salgado:

Autor e director teatral, estreouse no teatro profesional a cabalo entre Galiza e Barcelona. Rematou os estudos de Interpretación no Instituto de Teatro e das Artes Escénicas do Principado de Asturias e, posteriormente, licencióuse en Dirección e Dramaturxia no Institut del Teatre de Barcelona, onde preparou o Doutoramento en Artes Escénicas. Na actualidade é profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Cando aínda era estudante de último curso no Institut del Teatre, acadou unha bolsa para novos autores, o proxecto T-6, que implicaba a montaxe do texto no Teatre Nacional de Catalunya. O seu traballo titulouse **El clavicèmbal** (2002) e dirixiu Lourdes Barba. Tamén presentou un **Macbeth** de peto no xa desaparecido Teatre Malic de Barcelona. Logo preparou unha serie de ensaios abertos no Teatre Lliure de Barcelona sobre Wittgenstein, Warhol, Pessoa e Camus e no ano 2004 provocou e sorprendeu coa parodia **Porno**, que foi estreada no Teatre Lliure e obtivo unha excelente acollida crítica.



 centro
dramático
galego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

 instituto galego
das artes escénicas
e musicais


SALONTEATRO


TEATRO GALEGO